



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA, AUGAS DE GALICIA E A FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DA
CORUÑA PARA O PROXECTO "FORTALECEMENTO DE CAPACIDADES
TÉCNICAS E OPERATIVAS PARA A MELLORA DA XESTIÓN DOS RECURSOS
HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE (AQUA-MOZ).

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais é a da potenciación dos axentes de cooperación ao desenvolvemento de Galicia co fin de crear unha rede de solidariedade na nosa sociedade e considera conveniente contribuír á mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique como medio para loitar contra os efectos extremos derivados do cambio climático

(2) Antecedentes:

A entidade pública empresarial Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade en virtude do Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, por el que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, é a entidade a través da cal a Xunta de Galicia aplica e garante os principios que rexen a xestión pública da auga e o ente público que se constitúe no instrumento central da política de auga en Galicia. Así mesmo, e, de acordo co artigo 17.C.c) do Estatuto de Augas de Galicia, realiza funcións relativas á cooperación nacional e internacional en materia de infraestruturas hidráulicas.

A través da experiencia acumulada na xestión dos recursos hídricos, Augas de Galicia considera de gran utilidade compartir os seus coñecementos cos países en desenvolvemento que os precisen, entre os cales se atopa Mozambique.

A Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC) ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar como organización non lucrativa, vinculada á



Universidade da Coruña para a promoción, desenvolvemento e apoio ao financiamento de iniciativas e actividades coa misión de promover a investigación, a formación, o emprego e a transferencia de coñecemento en colaboración coa Universidade, impulsando a participación de entidades públicas e privadas no desenvolvemento social e económico da sociedade.

A FUAC ten como obxecto fundacional nos seus estatutos a realización de actividades a nivel local, autonómico, estatal ou internacional, relacionadas coa cultura, a ciencia, a tecnoloxía, a educación, a formación, a investigación, o emprego, a acción social e a cooperación para o desenvolvemento.

(3) Finalidade

O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación aos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e a escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique

(4) Obxecto

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Augas de Galicia e a FUAC no proxecto denominado “Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ)”.

A xestión dos recursos hídricos e o fortalecemento das administracións responsables é unha prioridade en Mozambique. O desenvolvemento de actividades que vinculen melloras técnicas e procesos de xestión nun mesmo plano de acción identificouse como unha formulación de éxito na Cooperación Galega coa administración da auga de Mozambique.

(5) A singularidade e especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral. Así mesmo, a necesidade de coordinación entre as entidades asinantes, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio da formalización dun convenio de colaboración.





(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 100.000,00 € (cen mil euros), con seguinte desglose:

Aportes	Vicepresidencia		Augas de Galicia
Anualidades	2019	2020	2020
Persoal	33.000,00	33.000,00	50.000,00
Servizos técnicos			1.500,00
Viaxes, aloxamento e axudas de custo	13.250,00	13.250,00	17.875,00
Custos administrativos e de xestión	3.750,00	3.750,00	5.625,00
Total	50.000,00	50.000,00	75.000,00

Augas de Galicia aportará 75.000,00 € para a execución do proxecto.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Firmado electronicamente en Santiago de Compostela

